- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

## 8.-AVALIACIÓN

**Inicial, continua, final, extraordinaria.  
Pendientes**

### **1.-Procedementos de avaliación inicial**

En que data se realizará?

As primeiras semanas do curso, despois da presentación.

En que consistirá? ( proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?

Proba de preguntas con respostas curtas ou exercicios básicos de xeometría plana .

Exercicios de trazado de liña, mancha e cor.

Como se informará á familia?

Non se informará, si se detectan problemas graves falarase co equipo de orientación do centro.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Ter coñecemento do nivel que teñen os alumnos na miña materia, para saber o punto do que parten.

### **2.- Acreditación de coñecementos previos (2º Bac) [se procede]**

Que procedemento se seguirá? (Marcar cunha cruz)

a) Matrícula como pendente

a) Proba

De optar pola PROBA

a) Que tipo de proba?

a) Como se avaliará?

### 3.- Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Depende dos grupos:

- En 4º de ESO os contidos traballaranse exclusivamente de forma práctica.
- En 2º de BAC de Debuxo Técnico, haberá entre 2 e 3 probas escritas por avaliación. O exame valerá o 70% da nota e o outro 30% o traballo de alumno; que son exercicios de ABAU que se envían semanalmente.
- Na temporalización van xa reflexadas estas probas escritas.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

- En 4ºESO ,valorarase a materia do seguinte xeito:  
A parte práctica un 80%. O outro 20% da nota será de observación directa na aula máis o desenvolvemento oral na lingua inglesa ). O Aprobado da materia é o 5
- Para poder aplicar estes criterios de avaliación débense cumprir estas premisas:
  1. **Sacar un 3 sobre 10 na proba escrita.**
  1. **Sacar un 4 sobre 10 nos traballos.** Tódolos traballos deberan entregarse na data marcada polo profesor. Sendo obrigatorio a entrega de todos eles. Excepcionalmente si algún neno por enfermidade (con xustificante médico) faltase durante un período longo propoñeríanselle outras tarefas para o desenvolvemento da materia en menos traballos.
- Se o alumno non cumpriše coas anteriores premisas obrigatorias estableceñense as seguintes modalidades para valorar ao alumno:
  1. **Caso A:** aproba a proba escrita ( saca un 3 sobre 10 ,ou máis no exame) e non entrega os traballos ( ou falta algún). A nota da avaliación será 3 puntos.
  1. **Caso B:** saca menos dun 3 sobre 10 na proba escrita e entrega tódolos traballos. A nota da avaliación será a nota do exame máis un punto ( non podendo nunca superar a puntuación de 4 puntos.
  2. **Caso C:** non aproba a proba escrita (saca menos dun 3 sobre 10) e tampouco entrega os traballos ou nalgún deles ten menos dun 4 sobre 10). A súa nota será a do exame, non podendo ser unha nota superior a 2 puntos.
- En 2º Bac de Debuxo Técnico, a valoración da materia será do seguinte xeito: O exame valerá o 70% da nota e o outro 30% o traballo de alumno: exercicios ou láminas de ABAU.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ....

Unha vez aplicados os criterios do apartado anterior obteremos unha nota numérica. A partir da cal aplicaremos a seguinte norma:

- Se a nota non da un número exacto a partir da nota con 0´75 poñerase a nota seguinte. Exemplo: 4´75, poñeríamos na avaliación un 5.( Para poder aplicar este apartado, o alumno deberá ter polo menos un 1,75 de comportamento, senón quedaría coa nota do número enteiro inferior).
- Para facer as medias finais terase en conta os decimais das tres avaliacións. Neste caso, a partir do 4,5 o alumno sacará a cualificación de 5, pero para as notas menores de 4´5 poñerase o número exacto anterior. Exemplo ... un 4´5 será un 5 pero un 3,5 será un 3.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

O respecto polos seus compañeiros, as normas da clase e o material. O seu comportamento, o traballo e limpeza do seu espazo. En da ESO intentar desenvolverse na lingua inglesa.

#### Como se recupera unha proba non superada?

Facendo outra vez a proba, repasando de novo os contidos mediante exercicios extras que se realizarán na casa. Poñerase un día para dúbidas que servirá de repaso para toda a clase.

#### Como se recupera unha avaliación non superada?

- En 4º da ESO:
  1. Si se suspende por non entregar traballos, entregando os traballos pendentes na data que marcará o profesor.
  1. Si se suspende por non ter na proba escrita un 3,5 ou máis para poder facer media, repetindo a mesma.
- En BAC:

Facendo unha proba escrita/práctica de recuperación.

### **4.- Procedemento avaliación final**

#### Quen debe ir á avaliación final?

Aquel alumno que teña algunha avaliación pendente. Si ten unha avaliación irá con solo esa. Si ten dúas, deberá ir con todo.

- Os alumnos da ESO deberán entregar os traballos que teñan pendentes para poder facer o exame, debido ao carácter práctico da materia.

#### En que consistirá a proba ?

Nunha proba escrita cos mínimos do curso.

#### Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Os dos contidos mínimos.

#### Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

Será o mesmo para a ESO que para BAC:

Farase a media das tres notas das tres avaliacións, contándose as décimas obtidas por cada alumno ao longo das tres avaliacións. Logo si a media non é un número exacto establecerase a seguinte norma: A partir do 4,5 poñerase o número exacto seguinte pero para as notas menores de 4´5 poñerase o número exacto anterior. Exemplo ... un 4´5 será un 5 pero un 3,5 será un 3.

#### Que criterios segue o centro para a promoción?

## 5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Esta proba farase sobre os contidos mínimos de cada avaliación. Terá 2 preguntas de cada avaliación. Poderanse poñer subapartados en cada unha delas.

Para o curso da ESO será obrigatorio a entrega de tódolos traballos do curso para poder realizar esta proba escrita, si estes non estiveran entregados durante o curso.

Neste exame só se valorará o exame e a máxima calificación que poderá acadar o alumno para levar no boletín de notas será de 7 en 4º Eso e de 8 en 2º deBac .

Como se cualifica, redondeos, etc?

Será o mesmo para 4º de ESO que para 2º de BAC:

Poñerase a nota do exame si esta nota non é un número exacto establecerase a seguinte norma: A partir do 4,5 poñerase o número exacto seguinte pero para as notas menores de 4'5 poñerase o número exacto anterior.

Exemplo ... un 4'5 será un 5 pero un 3,5 será un 3.

## 6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Manteranse reunións ao longo do curso nos recreos.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

- Para 4º da ESO  
Propoñeranse unhas actividades trimestrais e se as aproban non terán que facer o exame. Se non as entregasen no prazo fixado ou non as aprobasen terían que realizar unha proba final.
- Para 2º BAC  
Prepararíalles lotes de exercicios que terían que ir resolvendo e que puntuarían o 20% da nota e logo terían un exame por avaliación que puntuaría o 80% da nota.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

- Para o curso 4º da ESO  
Como os traballos que farán ao longo do curso son sobre os contidos mínimos a nota máxima que poderán sacar será de 6 . Os traballos puntuaríanse sobre 10.
- Para 2º de BAC  
A nota será a media das tres avaliacións.  
Se esa nota non é un número exacto establecerase a seguinte norma: A partir do 4,5 poñerase o número exacto seguinte pero para as notas menores de 4'5 poñerase o número exacto anterior.  
Exemplo ... un 4'5 será un 5 pero un 3,5 será un 3.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

- Para o curso 4º da ESO  
Se o alumno tivese que ir a un exame final de pendentos porque non realizou as actividades que se lle propuxeron, a nota máxima que podería acadar para levar no boletín de notas sería de 5 puntos.
- Para 2º de BAC  
Realizaríase unha proba escrita que tería dúas preguntas de cada avaliación, podendo ter subapartados.

O exame puntuaríase sobre 10 pero o alumno so podería acadar a nota máxima de 8 puntos. ( si o alumno ten no exame un 10 levaría un 8 no boletín, si ten un 8 levaría un 8. Isto é así porque o exame faise cos mínimos da avaliación e a parte práctica dos exercicios tamén será de menos traballos.)

#### Como se cualifica, redondeos, etc?

- Para 4º da ESO e 2º de BAC.

Se esa nota non é un número exacto establecerase a seguinte norma: A partir do 4,5 poñerase o número exacto seguinte pero para as notas menores de 4,5 poñerase o número exacto anterior.

Exemplo ... un 4,5 será un 5 pero un 3,5 será un 3.



## 9.- OUTRAS AVALIACIÓNS

| <b>1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente</b>                  | Escala                 |   |   |   |
|---|------------------------|---|---|---|
|   | (Indicadores de logro) |   |   |   |
| <b>Proceso de ensino:</b>   | 1                      | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?           |                        |   |   |   |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?           |                        |   |   |   |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?     |                        |   |   |   |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?                        |                        |   |   |   |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?         |                        |   |   |   |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?         |                        |   |   |   |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?          |                        |   |   |   |
| 8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?        |                        |   |   |   |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?                            |                        |   |   |   |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?                               |                        |   |   |   |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?                         |                        |   |   |   |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? |                        |   |   |   |

| <b>Práctica docente:</b>   | 1 | 2 | 3 | 4 |
|--|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado                      |   |   |   |   |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?               |   |   |   |   |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade               |   |   |   |   |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?    |   |   |   |   |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?        |   |   |   |   |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?                                       |   |   |   |   |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?    |   |   |   |   |
| 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe                            |   |   |   |   |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?                 |   |   |   |   |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?         |   |   |   |   |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?         |   |   |   |   |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?         |   |   |   |   |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?   |   |   |   |   |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?  |   |   |   |   |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares            |   |   |   |   |
| 14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ? |   |   |   |   |

## 2.- Avaliación da programación didáctica

### 1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

Anualmente. Sempre vou anotando os fallos que atopo ao longo do curso para modificalos ao ano seguinte.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Tratar de subsanalo inmediatamente.

### 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

| (Indicadores de logro)  | Escala |   |   |   |
|---|--------|---|---|---|
|   | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?         |        |   |   |   |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?             |        |   |   |   |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?         |        |   |   |   |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?                                  |        |   |   |   |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?                        |        |   |   |   |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas                        |        |   |   |   |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?        |        |   |   |   |
| 8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?                    |        |   |   |   |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?              |        |   |   |   |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?                     |        |   |   |   |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?                    |        |   |   |   |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?                               |        |   |   |   |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?                                    |        |   |   |   |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?      |        |   |   |   |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?           |        |   |   |   |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?                 |        |   |   |   |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? |        |   |   |   |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.        |        |   |   |   |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación            |        |   |   |   |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?   |        |   |   |   |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?                           |        |   |   |   |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?                    |        |   |   |   |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?                      |        |   |   |   |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?                      |        |   |   |   |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?        |        |   |   |   |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?             |        |   |   |   |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?          |        |   |   |   |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?     |        |   |   |   |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)     |        |   |   |   |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso                                |        |   |   |   |

|   |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? |  |  |  |  |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?             |  |  |  |  |

Observacións:

## 10.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

### Medidas de atención á diversidade no presente curso

#### MEDIDAS ORDINARIAS

| Medidas ordinarias  | Medias extraordinarias  |
|---|---|
| Organizativas   | Curriculares  |
| <p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p style="text-align: center;">Sí</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.<br/>Sí, para alumnos con reforzos educativos (RE)</p> <p>a) b) Espazos diferenciados?<br/>Aula Pedagogía Terapéutica para alumnos con reforzos educativos (RE).</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?<br/>Sí, para alumnos con reforzos.</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p style="text-align: center;">Sí</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>Sí, na aula de PT para alumnos con reforzos.</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?<br/>Realizar as tarefas que lle encomende o profesor correspondente. Se non se indica tarefas, na propia aula existe material para traballar.</p> | <p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p style="text-align: center;">Non</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p style="text-align: center;">Sí</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>Sí, exentos de francés (castelán e galego).</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p style="text-align: center;">Sí.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p style="text-align: center;">Sí.</p> |

### Medidas de atención á diversidade no presente curso

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

| Medidas ordinarias  | Medias extraordinarias   |
|---|--|
| Organizativas   | Curriculares   |
| <p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p style="text-align: center;">13 alumnos.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> | <p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>Non.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p style="text-align: center;">Sí, en 2º e 3º ESO (8 alumnos/as en 2º e 7 alumnos/as en 3º curso)</p> <p>2. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización.</p> <p>Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc Seguimento do traballo do alumnado que sae fóra da aula ordinaria, coas PT, a través dun caderno de coordinación que leva a propio/a alumno/a. Reunións formais e informais de coordinación e seguimento.</p> |

## 11.- Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares están incluídas na PXA.

## 12.- Datos departamento

| Materia | Curso | Grupos          | Profesor/a     |
|---------|-------|-----------------|----------------|
| EPVA    | 1 ESO | A               | EMILIO NAVARRO |
| EPVA    | 1 ESO | B               | EMILIO NAVARRO |
| EPVA    | 3 ESO | A máis PMAR e B | PAULA ALVITE   |
| EPVA    | 4 ESO | A e B           | PAULA ALVITE   |
| DT I    | 1 BAC | A               | PAULA ALVITE   |
| DT II   | 2 BAC | A               | PAULA ALVITE   |

## 13.- Relación coa resolución

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

| Elementos | Aspectos   | Folla    |
|-----------|--|----------|
| a         | Introdución e contextualización  | Folla 3  |
| b         | Contribución ás competencias básicas   | Folla 5  |
| c         | Concreción dos obxectivos para curso   | Folla 3  |
| d         | <b>Concreción para cada estándar</b>   | Folla 5  |
|           | 1º.- Temporalización   | Folla 4  |
|           | 2º.- Grao mínimo de consecución  | Folla 5  |
|           | 3º.- Procedementos e instrumentos av.  | Folla 5  |
| e         | Concrecións metodolóxicas  | Folla 6  |
| f         | Materiais e recursos didácticos  | Folla 6  |
| g         | Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción                                  | Folla 7  |
| h         | Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.                                | Folla 8  |
| i         | Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes | Folla 7  |
| j         | Procedemento acreditación coñecementos previos   | Folla 7  |
| k         | Avaliación inicial e medidas   | Folla 7  |
| l         | Medidas de atención á diversidade  | Folla 9  |
| m         | Concreción de elementos transversais   | Folla 5  |
| n         | Actividades complementarias e extraescolares   | Folla 10 |
| ñ         | Revisión, avaliación e modificación da programación                                    | Folla 8  |